Instrución sobre as medidas a adoptar no eido da formación profesional para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia derivadas da situación e evolución do coronavirus (COVID-19)

Por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria considérase que, por razóns de prevención, debe extenderse aos centros e entidades de formación que, no ámbito territorial de Galicia, impartan accións formativas de formación profesional para o emprego, así como na parte presencial na modalidade de teleformación, xestionadas e/ou financiadas pola Xunta de Galicia, as medidas que se contemplan no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus.

Deste xeito, ademais das medidas especiais de carácter xeral, serán de especial aplicación no referido ámbito as medidas contempladas no eido educativo, para os mesmos periodos.

Estas instrucións refírense a calquera tipo de actividade formativa profesional para o emprego, en modalidade presencial, desenvolvida no territorio galego, e tamén se aplicarán aos obradoiros de emprego e aos programas integrados de emprego e á actividade formativa e complementaria que se desenvolva na rede de centros de formación públicos.

As actividades formativas na modalidade de teleformación, poderán desenvolverse, excepto na súa parte presencial, sempre que se cumpran as medidas especiais de carácter xeral e as específicas que sexan de aplicación.

A suspensión da actividade formativa implicará a non asistencia do alumnado durante o periodo establecido por estas instrucións, incluíndo a suspensión das prácticas que se realicen en calquera centro de traballo do ámbito territorial de Galicia.

Nas actividades formativas financiadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a través de axudas e subvencións, os prazos de execución e de xustificación adecuaranse, no seu caso, aos períodos de suspensión.

A xustificación de custos, a imputación de custos laborais, de alugueres de espazos e equipamentos, instalacións e calquera outro gasto que resulte ineludible para os centros e entidades beneficiarias e empresas durante os periodos de suspensión, e que se acrediten debidamente, poderán ser

xustificables, sen que de ningún xeito isto supoña o incremento da subvención concedida.

A suspensión so afectará á asistencia do alumnado ás accións formativas, de tal maneira que se aplicará ao persoal docente e de apoio dos centros de formación as directrices que estes establezan sobre a asistencia ou actuacións para realizar durante os periodos de suspensión, en aplicación da normativa laboral, e considerando en todo caso as medidas que se poidan adoptar polas autoridades sanitarias.

A falta de asistencia do alumnado por aplicación desta instrución terá a consideración de falta xustificada, pero non dará dereito á percepción de bolsas e axudas reguladas polo procedemento TR301V, de ser o caso, no período de suspensión da actividade formativa.

No ámbito das unidades formativas en empresas, financiadas con cargo aos procedementos TR301P e TR310A, poderá permitirse a asistencia do alumnado á actividade formativa que se desenvolva en instalacións de empresas beneficiarias que non teñan a condición de entidades ou centros de formación, sempre que así o permitan as directrices da autoridade laboral e considerando en todo caso as medidas que se poidan adoptar polas autoridades sanitarias, e previa autorización da xefatura territorial correspondente.

A vixencia destas instrucións será de 14 días naturais, sen prezuízo da súa prórroga e revisión transcorrido o prazo inicialmente previsto e en atención aos acordos que vaia adoptando ao respecto o Consello da Xunta e a Consellería de Sanidade.